

# PLAN I SE.NDA 2020

## Videoconferencias

Decálogo de boas prácticas e  
recomendacións para a  
participación nas actuacións  
xudiciais telemáticas

Nas actuacións xudiciais nas que se participa por medios telemáticos, os profesionais acceden ao acto a través da ligazón web que é comunicada polo órgano. Para utilizaren esta ligazón web pódese empregar un ordenador, o móbil ou a táblet, sempre que se dispoña de boa conexión a internet e dos medios audiovisuais necesarios: cámara, micrófono e altosfalantes.

## Decálogo de boas prácticas para a participación en actuacións xudiciais por videoconferencia



**1. Previamente** ao día da celebración **asegúrese** de que ten a ligazón necesario para acceder. Se non dispón dunha ligazón para conectarse á videoconferencia, solicítela ao órgano.



**2. Copie no navegador web a ligazón** que lle enviaron na citación, para probar que funciona. Acceda mediante un dos navegadores recomendados (**Microsoft Edge, Google Chrome ou Mozilla Firefox**). Use estes navegadores independentemente do dispositivo desde o que se conecte.



**3. Rexístrase anticipadamente:** nalgúns casos para acceder ao acto o xulgado solicita un rexistro previo. Ao entrar na ligazón web enviada pediralle que inclúa os seus datos. Convén que realice este rexistro con antelación e que non agarde ao día de celebración.



**4. Comprobe que a conexión a internet funciona correctamente:** As chamadas de videoconferencia necesitan de moi boa conexión. Empregue preferiblemente a conexión por cable, moito máis rápida e fiable que o Wifi ou os datos móbiles. Se vai utilizar unha rede móbil, comprobe a boa cobertura e mantéñase no mesmo lugar durante toda a videochamada.



**5. Ao entrar na videoconferencia faga as comprobacións de funcionamento da cámara, dos altosfalantes e do micrófono.** Asegure que lle poden ver e oír, e de que escoita e ve correctamente. Moitos dispositivos entran por defecto nas videoconferencia coa cámara, o son ou o micrófono desactivados. Comprobe que pode actualos con normalidade.



**6. Mantéñase dentro da sala de espera.** Nalgúns casos, deberá agardar na antesala virtual antes de ter acceso á sala principal. Sexa paciente, evite saír e entrar da mesma. Cando permaneza máis tempo do habitual na sala de espera e non saiba se é debido a un atraso ou a unha incidencia, contacte co órgano.



**7. Unha vez dentro, coloque a pantalla de xeito que a cámara lle enfoque correctamente,** situándose nun primeiro plano e tomando como referencia os ombreiros. Evite estar diante ou á beira dunha xanela, xa que pode xerar 'efecto contraluz'. Recomendamos, se é un dispositivo móbil, mantelo horizontal e nun soporte cara á fronte.



**8. Empregue auriculares con micrófono** para poder escoitar mellor e con claridade. O uso dos auriculares con micrófono permite que se escoite mellor a voz da persoa que fala, sin ecos nin interferencias. Asegúrese de que as persoas participantes poden escoitalle antes de iniciar a súa intervención e fale cun **ton de voz firme e pausado**.



**9. Desactive o micrófono cando non sexa a súa quenda de palabra,** evitará ao resto a escoita de sons de ambiente ou que se mesturen ruídos como o do teclado.



**10. Lembre que a súa imaxe aparece durante todo o acto,** non só durante o tempo que dure a súa intervención. Se realiza outras actividades no dispositivo, chamadas ou atende ás mensaxes, pode perder a conexión e saír sen desexalo da videoconferencia, interferir na escoita ou compartir información non desexada.